



*Entre tódalas cidades prefiro
as que dormen sobre o mar
ou aquelas que se erguen na area
do deserto.*

*As primeiras están habitadas
por sardiñas de prata,
e as segundas por
dátiles de luz. **Fran Alonso***

Agardamos que SANXENXO sexa para **Fran Alonso** unha vila habitada por dátiles de luz e por unha mocidade que ansía escoitalo e poetizarse mirando cara ao mar repousando no Atlante.

5 xuño: Auditorio Emilia Pardo Bazán

- **Entrega de premios IV Certame Literario**
- **Actuación do grupo teatral *Pista Catro***
- **Charla de Fran Alonso.**
- **Exposición de libros do autor.**

Non esquezas traer os teus libros para que os asine o escritor!!!

Colaboran Bibliotecas Municipais da rede de Sanxenxo, librería *Nós* e os centros participantes no Certame literario (CEIP Dorrón, A Florida e IES Vilalonga)

IES Sanxenxo: Biblioteca, Dpto Galego.


<http://bibliotecaiesanxenxo.blogspot.com/>



Eu son...

un tipo normal. Un pouco despistado, iso si, pero normal. Gústame a literatura pero, a verdade, gústame moito máis a vida. Hai moitas cousas que me gustan, e a maior parte delas teñen que ver con gozar da vida.

Con respecto á literatura, teño que confesar que escribir un libro e saber que mo vai ler alguén é unha experiencia profundamente gratificante. E resulta evidente que son as lectoras e os lectores os que lle dan vida aos libros con cada lectura. Así que a todas elas e eles, gracias por facerme posible como escritor.



UNHA ESCOLMA DA SÚA OBRA:

Cartas de amor.

O amor ou o desamor son as desculpas que nos permiten coñecer as dramáticas circunstancias que rodean ás mulleres que as escriben. De feito, os verdadeiros protagonistas das cartas son a pobreza, a guerra, a inmigración, o franquismo, a violencia, a prostitución, a presión social, a integración...



CINCO MOTIVOS PARA LER POESÍA

1.- A poesía non morde, non fai dano, non é aburrida, nin romántica, nin ridícula, nin difícil.

2.- A poesía serve para ler, cantar, gritar, recitar, rapear, musicar, declararse, rebelarse contra o mundo ou para sinxelamente rumorear suave ao oído.

3.- Os poemas son como caixas de ferramentas, valen para todo: para sentilos, manosealos, lelos, cheiralos, gardalos nun armario, ensucialos, para ligar, para merendalos nun bocadillo de papel... Ademais, a poesía cura enfermidades como a impaciencia, os nervios, os pés planos, os enfados, as feridas imprevistas, as dores de amor, As indixestións, a ansiedade e algunhas gripes.

4.- A poesía está nas cousas que nos rodean a diario, na música, na amizade, no supermercado, na risa, na moto, no mar contaminado, no ceo cuberto, no ordenador, nun grito, na paisaxe, na conversa e nas rúas. Onde ti queiras.

5.- O importante da poesía non é obsesionarse con descifrala (besito tarantino), senón saber gozala, sentila, e intuila. Na poesía reconforta sentir o seu ritmo, a súa sonoridade. **Poetizarse.** En definitiva, facer da poesía un pracer.

O brillo dos elefantes.




Un neno centroamericano vive nun país de lagos e volcáns. Unha guerra non declarada ameaza os campesiños. O mestre dunha escola á que non vai ninguén, fai que o neno perda o medo á noite e descubra o sentido da vida.

Premio Raíña Lupa (Finalista), 1999

Cemiterio de elefantes

O protagonista da historia é a noite, a noite como sinónimo de maxia, de complicidade, de vida, de esperanza, de encanto, pero tamén de erosión, de soidade, de clandestinidade, de anonimato, de silencio e de frustración.



Mais información na web:

<http://cabrafanada.blogspot.com/>

(O cosmocaderno de Fran Alonso)

Para escribirle ao autor:

cabrafanada@gmail.com

Adaptación do texto de **FRAN ALONSO.**
Manifesto do Día Mundial da Poesía 2007